



XUNTA
DE GALICIA



galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO.

Santiago de Compostela,

Reunidos

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, **Información e Comunicación Local, S.A.** (en adiante INCOLSA) e no seu nome e representación, o Presidente do Consello de Administración, D. Martiño Noriega Sánchez, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire o artigo 23 dos Estatutos da Sociedade que lle outorgan a competencia para establecer convenios de colaboración con calquera clase de institución pública ou privada.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Santiago de Compostela ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime



local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal Información e Comunicación Social, S.A., (INCOLSA), medio propio do devandito concello.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que o 4 de agosto de 2017 asinouse entre ambas as dúas partes un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción do turismo, co obxecto de establecer o marco de colaboración para as seguintes actuacións: proxecto de recuperación do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED); proxecto “Camiña/Camiño”, proxecto que nace para dar a coñecer desde o punto de vista turístico a ruta do “Camiño Portugués pola Costa” e darlle tamén visibilidade á muller no mundo da ilustración e proxecto de habilitación dun espazo de acollida a peregrinos, visitantes e turistas na oficina central de información de turismo de Santiago.

A estes efectos as partes consideran de interese a sinatura do presente convenio de colaboración, aos efectos de continuar na colaboración en proxectos de interese turístico, en concreto:

- **Impulso da cidade como destino de congresos**, o que supón unha oportunidade para a cidade de Santiago pola súa capacidade para desestacionalizar a demanda e polo alto nivel de gasto medio das persoas participantes nos eventos. O proxecto nace co obxectivo de



posicionar a cidade como destino para eventos internacionais de tamaño medio a celebrarse nos meses de tempada baixa para desestacionalizar a demanda.

O proxecto tería seccións fundamentais: por unha banda un proceso de formación especializada na captación e acollida de eventos internacionais para o sector da cidade e por outra a edición de material promocional específico en distintos formatos, incluído o dixital, dirixido a organizadores de eventos europeos, especialmente dos principais mercados turísticos da cidade.

- **Proxecto de promoción da “Compostela dos Bos Amores”**, en homenaxe a un poema de Rosalía de Castro, co que se pretende, partindo de todos os recursos existentes, promocionar a cidade internacionalmente como a “Compostela dos Bos Amores”, tanto para a celebración de vodas como de lúas de mel ou viaxes de celebración de aniversarios, concibidos dun xeito inclusivo, facendo referencia tanto a enlaces civís coma relixiosos e a calquera tipo de parella. Deste xeito o sector podería obter maior rendemento dos seus recursos.

O proxecto de promoción turística da “Compostela dos Bos Amores” estrutúrase en torno a dúas liñas de actuación complementarias.

Por unha banda, editarase material promocional en diferentes formatos, incluído o dixital, para promocionar a cidade como destino dos Bos Amores. Nesta liña recopílarase toda a información precisa, buscando a colaboración do sector turístico da cidade en xeral e dos hoteis participantes no Hotels Wedding Days, para elaborar este material. Tamén se producirá todo o material gráfico preciso para deseñar dito material.

Todo este material fará fincapé na imaxe de Santiago como un lugar especial, cheo de maxia e encanto, onde pasar uns momentos inolvidables.

Por outra banda, porase en valor a posibilidade que ofrece o Concello de Santiago de celebrar vodas civís no Salón Nobre do Pazo de Raxoi. Este espazo é en si mesmo un lugar único para celebrar un enlace matrimonial, tanto polo propio simbolismo do lugar, como por



atoparse xusto fronte a Catedral de Santiago, cunhas vistas únicas que por termo xeral os visitantes da cidade non poden contemplar. A posibilidade de celebrar a voda neste espazo singular, que ten ademais un coste moi reducido en comparación ao habitual noutros espazos, é un valor engadido ao feito de casar en Santiago.

Nesta liña elaborárase material específico explicativo do proceso para solicitar celebrar un enlace civil no Concello de Santiago, independentemente do lugar de procedencia e censo das persoas que casan. Este material editarase en diferentes formatos, incluído o dixital, e idiomas.

- **Proxecto “O Camiño urbán”** é un proxecto que pretende poñer en valor o atractivo verde de Santiago, tanto dos tramos do Camiño de Santiago como dos múltiples parques e xardíns da cidade. Ao mesmo tempo quere darlle visibilidade á muller no mundo da ilustración, unha disciplina máis da arte, así como ás propias peregrinas, desde o punto de vista histórico e actual.

O proxecto consiste na organización dunha viaxes polos Camiños de Santiago en Santiago e polos parques da cidade de ilustradoras durante cinco días. A partires desta viaxe crearase unha obra coral, que se plasmará nun libro e nunha exposición, prevista para o mes de outubro.

- **Proxecto de promoción da figura de Rosalía de Castro como atractivo turístico de Santiago e Galicia**, búscase poñer en valor a figura de Rosalía como atractivo turístico da cidade, en tanto que aquí naceu e aquí sitúase na Alameda unha estatua icónica inaugurada o 30 de xullo de 1917. Tamén en Santiago repousan os seus restos, no Panteón dos Galegos Ilustres. Ademais, na súa obra son habituais as referencias a Santiago e mesmo a Catedral.

Para a promoción turística da figura de Rosalía desenvolveranse dúas liñas de actuación complementarias:





Por unha banda organizarase unha visita guiada pola Compostela Rosaliana. Esta visita organizarase en colaboración con Concellos veciños a Santiago que están traballando tamén na promoción da figura de Rosalía. Estes Concellos son os de Ames, Brión e Padrón, que están tamén traballando no proxecto de “As pegadas de Rosalía”.

Por outra banda, deseñaranse diferentes ferramentas de marketing e promoción da figura de Rosalía para ubicar no aeroporto de Santiago, aproveitando o seu cambio de nome. O obxectivo é transmitir unha imaxe moderna de Rosalía, que sirva de benvida aos centos de miles de pasaxeiros e pasaxeiras que cada ano chegan a Santiago e que teñen o seu primeiro contacto con Galicia precisamente no seu aeroporto.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar o citado proxecto polas razóns indicadas no expoñendo anterior, e por tratarse dun acontecemento de relevancia internacional, que supón unha oportunidade de proxección internacional da cidade de Santiago e por ende de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, coa acollida de milleiros de peregrinos con ocasión do Ano Santo 2021. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser INCOLSA a única entidade competente para a realización das actuacións obxecto do convenio.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e INCOLSA para a realización das actuacións que se detallan a continuación:





- Impulso da cidade como destino de congresos
- Proxecto de promoción da “Compostela dos Bos Amores”
- Proxecto “O Camiño urbán”
- Proxecto de promoción da figura de Rosalía de Castro como atractivo turístico de Santiago e Galicia

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 65.000,00€ (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

Acción	Orzamento
Impulso da cidade como destino de congresos	
- Vídeo promocional de Santiago como destino MICE	7.000 €
- Formación especializada para o sector no segmento MICE	6.000 €
- Folleto dixital destinado ao nicho de Incentivos	3.000 €
- Actualización Guía Dixital MICE	2.000 €
- Material Promocional	2.000 €
Total	20.000
“Compostela dos bos amores”	
- Folleto Promocional Dixital	3.000 €
- Traducción	2.000 €
- Fotografía	6.000 €
-Minisite promocional	4.000 €
Total	15.000€
“O Camiño Urbán”:	
-Deseño e maquetación materiais	2.500 €
-Coordinación da acción e medios	2.700 €
-Aloxamento	800 €



-Dietas	700 €
-Desprazamentos	360 €
-Honorarios ilustradoras	4.800 €
-Aluguer Sala Exposición	700 €
-Enmarcado e montaxe da mostra	1.500 €
-Impresión material gráfico	940 €
Total	15.000 €
Promoción da figura de Rosalía de Castro	
-Visita guiada	3.000 €
-Deseño, imaxe e elementos de marketing da figura de Rosalía no aeroporto e na oficina de información turística	8.000 €
-Merxhandising	4.000 €
Total	15.000 €
TOTAL	65.000 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de sesenta mil euros (60.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2018.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de INCOLSA, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.



Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no citado artigo 29 os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os paga efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. INCOLSA, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.





XUNTA
DE GALICIA



galicia

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.



Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.





- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
- c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- 3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A entidade INCOLSA ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”.



Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **30 de novembro de 2018**.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención, coa minoración proporcional da subvención concedida, atendendo ao importe xustificado con respecto ao orzamento total previsto na cláusula segunda.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava .- Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2018, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e na porcentaxe máis abaixo establecida.

Para proceder ao seu pagamento, INCOLSA deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia INCOLSA queda exonerada da constitución de garantía.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas INCOLSA deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por INCOLSA e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.



A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Modificación do convenio

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



Décima terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adelante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Décimo quinta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, lo lugar arriba indicado.

A directora de Turismo de Galicia

O presidente de INCOLSA

M^a Nava Castro Domínguez

Martíño Noriega Sánchez

